



1^a EDICIÓN
DO



FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO

DO 30 DE MAIO AO 2 DE XUÑO



ORGANIZADOR

COLABORADOR OFICIAL

reencanto
produções

Musiquina33mg

CONCELLO
DE VIGO





PRESENTACIÓN DO FESTIVAL

O Festival Primavera do Cine en Vigo nace como unha iniciativa das Agrupacións Culturais Musiquina 33mg e de Reencanto Producións. Con esta proposta preténdese dotar á cidade de Vigo dun festival de cine que sirva de punto de encontro para creadores do sector audiovisual de toda Galicia.

O principal obxectivo desta cita coincide totalmente coa filosofía e a razón de ser das dúas entidades organizadoras: crear un espazo artístico aberto á diversidade cultural, a propostas minorizadas nos circuítos de consumo masivo e a novas formas de retratar a realidade que foron e seguen a ser silenciadas no devir da nosa historia.

A primavera, etimoloxicamente, remite á primeira xuventude, ao nacemento, á renovación. Ese é o espírito deste festival, que xorde nun momento de incertidume social e de proliferación dun pesimismo que semella ter a vontade de converterse en crónico. É agora, precisamente, cando compré enorgullecerse da potencialidade da propia cultura e promover iniciativas de cara ao futuro. A intención é nacer con forza, co pulo do que posúe sólidas raíces e crece sen freo apuntando ao ceo. Sen medos nin complexos. Sen excusas nin barreiras.

A cidade de Vigo leva moitos anos reclamando a creación dun festival de cine polos seus fortes vencellos con este medio artístico. Vigo foi unha das primeiras cidades onde se popularizou o espectáculo cinematográfico, onde se multiplicaron os lugares de proxección e se apreciaron os filmes máis emblemáticos dende o século XIX ata o XXI, dende o Teatro Circo Tamberlick ata o Cine Fraga.

Vigo, á súa vez, foi o berce de multitude de creadores do audiovisual, a cidade na que creceron e se formaron, como artistas e como persoas.

Vigo foi, en definitiva, o escenario de numerosas películas, pola súa localización xeográfica, o seu crecemento como cidade e a súa luz, que entra dende o fondo da ría para perderse de vagar máis alá das Cíes.

Vigo é unha porta aberta á diversidade artística e á cultura innovadora. Por iso, a súa primavera encherá de luz intensa e xuvenil as salas dos nosos corazóns, por moitos anos.




LONGAMETRAXES

- 4** Sete longametraxes en competencia



CURTAMETRAXES

- 8** Quince curtametraxes en competencia



VIDEOCLIPS

- 16** Vintecatro videoclips en competencia



MENCIÓN HONORÍFICA

- 22** MANUEL ESTÉVEZ:
Constancia dun proxeccionista



ORGANIZACIÓN

- 24** Musiquina33mg e Reencanto
Equipo do festival

APOIOS E PATROCINIO

- 27** Colaboracións e patrocinios

PROGRAMA

- 31** Horario de proxeccións e salas oñciais do festival



7 LONGAMETRAXES EN COMPETENCIA

Mércores 19:30

DOENTES

85 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Gustavo Balza

GUÍÓN: Roberto G. Méndez, Gustavo Balza

FOTOGRAFÍA: Suso Bello

MONTAXE: Alexandra Fernández

MÚSICA: Bieito Romero

SON: Son do Tagalem

ARTE: Alexandra Fernandez

PRODUCCIÓN: Filmanova Invest, Zircozine

ELENCO: Xoşé M. Olveira "Pico",
Antonio Durán "Morris", Rosa Alvarez

Contra o 1950, o Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela (actual parador nacional) deixou de ser hospital para converterse en hostal. Por unha arbitraria decisión de Franco, este acontecemento supuxo o total desaloxo dos enfermos, para adecuar as instalacións hoteleiras coas que o Réxime pensaba agasallar aos visitantes estranxeiros.

Toda a historia ocorre nunha soa noite: "Doentes" comeza ás sete da tarde e termina ás sete da mañá do día seguinte. Unha noite trepidante, chea de sorpresas e verdades inconfesables.



Mércores 22:30

A MIRADA DE ANNA

55 MIN



ANO: 2009

LUGAR: Galicia/ Cataluña

DIRECCIÓN: Llorenç Soler, Jorge Algora

GUÍON: Llorenç Soler, Jorge Algora

FOTOGRAFÍA: Luis Longueira

MONTAXE: Rita Romero

PRODUCCIÓN: Adivina Producciones

ELENCO: Ana Turbau

Ana Turbau é unha fotógrafa catalana que en 1976 se traslada a Galicia como enviada especial das revistas Interviú e Primeira Plana. A través das reportaxes que realizou naqueles anos, descubrimos a historia menos oficial da transición á democracia en Galicia.

VIVIR A DESTEMPO

54 MIN



ANO: 2007

LUGAR: Galicia

DIRECCIÓN: Rita Romero

FOTOGRAFÍA: Luis Longueira

MONTAXE: Rita Romero

PRODUCCIÓN: Adivina Producciones

Vivir a destempo plasma a microsociedade nocturna, aquela que existe, discreta e silenciosamente, mentres o resto da cidade descansa. A actividade ten lugar nunha soa xornada laboral. A través de diferentes sectores, trazaremos unha radiografía urbana nocturna.



Xoves 20:00

BANARAS ME

119 MIN



ANO: 2010
LUGAR: India
DIRECCIÓN: David Varela Álvarez
MONTAXE: Carlos Serrano, David Varela
FOTOGRAFÍA: David Varela Álvarez
SON: David Cano
PRODUCCIÓN: Lola Martínez, Alejandro Mulattieri, David Varela
ELENCO: Swami Ganeshanad, Pakalu Sahani

Benarés é unha das cidades máis antigas e sagradas do mundo; unha cidade onde pervive aínda certo eco do ancestral. Nela agóchase esoutra cidade que entrevemos a través da bruma, o fume, a area: Kashi, a cidade da luz.

Durante un ano completo –nun ciclo que repítese sen descanso– sucédense os feitos e os ritmos que provocan cambios drásticos na fisionomía deste microcosmos da India.

Xoves 22:30

AS SILENCIADAS

66 MIN



ANO: 2011
LUGAR: Galicia
DIRECCIÓN: Pablo Ces
GUÍON: Aurora Marco
FOTOGRAFÍA: Pablo Ces
MÚSICA: Pilo Sierra
PRODUCCIÓN: MrMisto films

Co propósito de contribuír á recuperación da memoria histórica das mulleres, *As Silenciadas* narra historias de vida de guerrilleiras do monte e do chairo, que colaboraron coas dúas organizacións da resistencia antifranquista que operaron en Galicia na década dos 40: a Federación de Guerrillas León-Galicia e o Exército Guerrilleiro. Mulleres que, a pesar de ser a columna vertebral deste movemento, seguen sendo ignoradas e/ou silenciadas. Neste sentido, o documental, ademais de innovador, é pioneiro.



Venres 20:00

RELATOS

105 MIN



AÑO: 2009
 LUGAR: Pontevedra
 DIRECCIÓN: Mario Iglesias González
 ASIST. DE DIR: Alberto Plágaro
 MÚSICA: Xavi Font, Arturo Vaquero
 PRODUCCIÓN: Matriuska Producciones
 ELENCO: Concepción González, Luis Callejo, Yago Presa

Rosario, unha ama de casa que escribe relatos de ficción, visita ao terapeuta por un problema recorrente: espértase todos os días ás tres da mañá con accesos de pánico. Martín, o seu marido, vive nun mundo paralelo, obsesionado con comprar un coche novo e non supón moita axuda. A través dos relatos que Rosario escribe e a súa propia procura con axuda do seu terapeuta, consegue enfrontarse ao problema.

Venres 22:30

MATISSE SE ESCRIBE CON DOS ESES

102 MIN



ANO: 2011
 LUGAR: Ferrol, A Coruña
 DIRECCIÓN: Alberto Lobelle Losada
 SON: Roi Gil, Oskar Lopez
 FOTOGRAFÍA: Alberto Lobelle
 PRODUCCIÓN: Sin Productions
 ELENCO: Pilar Freire, Miguel Anxo Varela, Carmen Martín Serante

En calquera lugar do mundo aparece, da forma máis natural, o prodixio da aprendizaxe, o abraio do descubrimento. Un grupo de nenos asiste á Escola Aberta de Arte de Ferrol durante un ano. Este documental, resumo dese curso, amósanos que se trata de moito máis: as primeiras emocións deslízanse ante a nosa ollada; momentos verdadeiros, únicos e precisos, nunha sucinta biografía da infancia.



15 CURTAMETRAXES EN COMPETENCIA

BLOQUE1 Mércores 17:30 Venres 18:00

¿DE QUÉ SE RÍEN LAS HIENAS?

24 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Javier Veiga

PRODUCCIÓN: Ib cinema s.l. &
Impar producciones s.l.

ELENCO: Toni Acosta, Javier Veiga

Esta podería ser a típica historia de mozo coñece a moza. Pero moza e mozo achéganse a unha idade complicada e asaltáselles unha dúbida existencial: ¿De qué se ríen as hienas?



BLOQUE1 Mércores 17:30 Venres 18:00

15 MIN

CONVERSA CUNHA MULLER MORTA

ANO: 2012
 DIRECCIÓN: Sonia Méndez
 ARTE: Rita Romero
 FOTOGRAFÍA: Óscar Chamorro
 SON: Ivan Ogando
 PRODUCCIÓN: Sonia Méndez
 ELENCO: Luis Zahera, Camila Bossa



Luís acaba de saír do cárcere onde cumpría condena polo asasinato da súa muller Elena, cometido quince anos atrás. Cando Luís chega á gran casa que ambos compartían Elena aparéceselle "de entre as mortas" para manter unha conversa con el...

BLOQUE1 Mércores 17:30 Venres 18:00

ADIVINA QUIÉN VIENE A COMER MAÑANA 30 MIN



ANO: 2012
 DIRECCIÓN: Pepe Jordana
 ARTE: María Lolo
 FOTOGRAFÍA: Alberto Díaz "Bertitxi"
 MONTAXE: Fernando Guariniello
 SON: Dani López, David Rodríguez
 MÚSICA: Darío Eskenazi
 PRODUCCIÓN: Pixel Films
 ELENCO: Chete Lera, María Castro, Jorge Bosch, Oscar Hernández

Unha xove e fermosa veterinaria, filla única dun modesto pastor, volve á súa casa nunha recóndita aldea de Galicia para anunciarlle ao seu pai que vai casar cun prestixioso neurólogo. O pai, movido a partes iguais polos ciumes e a ignorancia, confunde a neuroloxía coa maxia negra e decide impedir a voda.



BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

O PREZO DA DOTE**20 MIN**


ANO: 2003
DIRECCIÓN: Chus Domínguez
MONTAXE: Chus Domínguez, Marino García
FOTOGRAFÍA: Óscar Chamorro
SON: Nilo Gallego
PRODUCCIÓN: Piensan las manos y Goldstein y Steinberg.
ELENCO: Uxía Senll (Voz), Chus Pato (Poema)

Chove. A moa continúa xirando no muíño incansable. O inverno aproximase á súa fin. Na aldea abandonada, a primavera xoga a abrirse paso entre a névoa. A vida e a morte nunha terra ancorada ao mar e a névoa onde o pasado está tan presente coma o futuro.

BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

6:36 MIN**33**

ANO: 2012
LUGAR: Nueva York
DIRECCIÓN: Félix Fernández



Unha personaxe que resume a súa vida a través de cifras, e que ao recorrer ao contable achéganos a unha vida fría e calculada, na que todo parece froito dunha estratexia. Toda emoción ou sentimento foi aniquilado dada a súa natureza práctica e pragmática: en cada cifra hai un fragmento de vida que foi analizado e cuantificado, para posteriormente ser manexado como datos estatísticos. Este distanciamento emocional o deshumanízao, como tamén ao sistema de vida no que se atopa inmerso.



BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

13 MIN

BIRDBOY

ANO: 2010
 DIRECCIÓN: Alberto Vázquez
 GUIÓN: Alberto Vázquez, Pedro Rivero
 FOTOGRAFÍA: Postoma Studio
 MONTAXE: Ivan Miñambres
 MÚSICA: Suso Saiz
 PRODUCCIÓN: Abrakam Estudios



Un terrible accidente industrial cambia para sempre a vida da pequena DINKI. Agora pode que a súa vida penda das ás do seu excéntrico amigo BIRDBOY, un mozo marxinado que se oculta no bosque, abandonado ás súas fantasías...

BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

UN PASEO POLO TEA

6:30 MIN



ANO: 2012
 DIRECCIÓN: Gus Abreu Fernández
 MÚSICA: Pablo Carrera e Fernando Abreu
 PRODUCCIÓN: Gus Abreu Fernández

Unha tarde de inverno de paseo pola beira do río Tea, frío e auga, pola noite as lampreas fan o camiño inverso. Nas estacadas agochase a súa morte.



BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

**LA INCREÍBLE Hª DE MACARENO
Y LA PUTA MILAGROSA****29 MIN**

ANO: 2011
DIRECCIÓN: Iria Ares
GUIÓN: Los Plases Joen
MONTAXE: Jorge Saavedra
FOTOGRAFÍA: Jaime Pérez
MÚSICA: Manuel Riveiro
PRODUCCIÓN: LaTuerka films
ELENCO: Daniel Currás, Camila Bossa

Nada é o que parece. Nin Macareno é un desalmado proxeneta nin A Sarita é unha puta calquera. Ambos vivirán, rodeados dunha rocambolesca fauna de personaxes, unha aventura que romperá os límites entre o real e o imaxinario. Que pensariades se alguén vos preguntase: viches algunha vez unha puta voar...?

BLOQUE3 Mércores 17:30/20:30

22 MIN**DÚAS LETRAS**

ANO: 2011
DIRECCIÓN: Eloy Varela Caseiro
GUIÓN: Fina Casalderrey
ASIST. DE DIR.: Bernardo Fernández
SON: Mariano García
MÚSICA: Oscar Tercero
PRODUCCIÓN: Morrernomar
ELENCO: : Teresa Fraga, Fina Casalderrey, Claudina Casalderrey, Mariano Garcia, Celso Casalderrey, Bernardo García.



As ausencias, a diglosia lingüística, a inmigración, os silencios forzosos...van tatuando no rostro de Áurea as cicatrices do seu drama persoal. Mentres a esperanza de volver ver o seu fillo vaise quebrando.



BLOQUE2 Mércores 19:00 Xoves 18:00

ROBIN & ROBIN

5:20 MIN



ANO: 2012
 LUGAR: Bruxelas
 DIRECCIÓN: Hugo Amoedo, María Pérez
 FOTOGRAFÍA: Olivier Pulinckx
 MONTAXE: Carlos Egea
 ARTE: Francisca Gómez, Yanira Ruiz
 PRODUCCIÓN: Carmen Arroyo de Sandes
 ELENCO: Hugo Amoedo, María Pérez

Robin e Robin atópanse na lavandería.

BLOQUE3 Mércores 17:30/20:30

5 MIN

CAMIÑO DA MEMORIA

ANO: 2010
 LUGAR: Vigo
 DIRECCIÓN: Alberte Mera, Lucía Calvo, Valentina Alonso
 ARTE: Carla Martínez Cameselle
 SON: Olalla López
 MÚSICA: Eracilon 'Depart'
 PRODUCCIÓN: Cretaiva Audiovisual Ollo de Vidro
 ELENCO: Obdulia Suárez, Valentina Alonso



A Obdulia acábanlle de diagnosticar un principio de Alzheimer, polo que todas as mañás a súa neta axúdaa con exercicios para moderar a perda de memoria. Sendo consciente do avance da enfermidade, Obdulia atopará a maneira de impedir que o camiño máis importante para ela se borre.



BLOQUE1 Mércores 17:30 Venres 18:00

3 MIN

DREAM

ANO: 2011

DIRECCIÓN: Jose Miguel Sagüillo

PRODUCCIÓN: Jose Miguel Sagüillo



Conta a posible historia de como Dalí "atrapou" á súa gran obra "O gran masturbador" e de como isto revitalizou o mundo da arte. Esta fantasía está contada a través doutra gran obra: "Dune" de David Lynch. Esta peza reflexiona sobre a creación artística e o vínculo entre autor e obra.

BLOQUE3 Mércores 17:30/20:30

9 MIN

O BUFÓN E A INFANTA

ANO: 2007

DIRECCIÓN: Juan Galiñanes

GUIÓN: Amaia Ruiz

FOTOGRAFÍA: Juan Galiñanes,
Alejandro Bálsamo

ARTE: Juan Galiñanes, Alejandro Bálsamo,
Javier Reigada

MÚSICA: Arturo Kress

SON: Jorge G. Colado

PRODUCCIÓN: Dygra Films



O museo pecha as portas. Todo fica tranquilo na sala dedicada a Velázquez, ata que dunha das súas obras salta o personaxe retratado, o bufón Francisco de Lezcano. Isto vai chamar a atención da infanta Margarida, que tamén abandonará o seu cadro das *Meninas* para gozar dos xogos e a maxia do seu novo compañeiro.



BLOQUE3 Mércores 17:30/20:30

A.G.N.

9 MIN

ANO: 2012
 DIRECCIÓN: Emilio Martínez-Borso Legerén
 ASIST. DIR: : Carlos Rosal
 FOTOGRAFÍA: María Muñoz
 ARTE: Mireia Carles, Martín Carranza
 SON: Natxo Ortúzar
 MONTAXE: Jesús Espín
 MÚSICA: Dan Aniés
 ELENCO: David Ramírez, Marc Rodríguez



A avaría que Ramastés ten no seu baño convértese nun pesadelo cando o fontaneiro que vén reparalo dille que o fallo é por negligencia súa. O que desembocará nunha loita de orgullo de consecuencias inesperadas.

BLOQUE3 Mércores 17:30/20:30

17 MIN

ESTACIÓN DECEMBRO



ANO: 2007
 DIRECCIÓN: Martín Rodríguez Vázquez
 ASIST. DIR.: Isaura Docampo
 FOTOGRAFÍA: David Porto Martínez
 ARTE: Anxo Cendal
 MONTAXE: Javier Alonso
 SON: Manuel Alonso, Juan Carlos Rial
 ELENCO: Santi Prego, Iolanda Muíños

Dúas persoas "rariñas" atópanse nunha estación de tren. El debuxa e ela non para de tecer. E claro, xorde un amor tímido. Pero hai un obstáculo que semella insalvable.



24 VIDEOCLIPS EN COMPETENCIA

DEADBODIES

3 MIN



ANO: 2011
DIRECCIÓN: NYSU FILMS
MÚSICA: Void Camp

3:40 MIN

UNDER THE DRIZZLE

ANO: 2011
DIRECCIÓN: Francisco Gallego
MÚSICA: Cardigan Bridge



LO MALO ESTÁ EN EL AIRE

5 MIN



ANO: 2011
DIRECCIÓN: David Casademunt
MÚSICA: Andrés Suárez

4:30 MIN

JULIETA DE SOLOS

ANO: 2011
DIRECCIÓN: Luis Hombreiro
MÚSICA: Solos





MÉRCORES, XOVES E VENRES 23:00 H

TU JARDÍN PRIVADO

3:32 MIN



ANO: 2012
DIRECCIÓN: Eloy Varela
MÚSICA: Austria

THE MAN WHO LIVED IN DEATH

4:10 MIN




ANO: 2011
DIRECCIÓN: Marcos Mosquera
MÚSICA: Patricia Moon

6:04 MIN


RECUERDOS OLVIDADOS

ANO: 2012
DIRECCIÓN: Manuel Gómez
MÚSICA: Derroche



SED

4:35 MIN



ANO: 2011
DIRECCIÓN: Ana Belén Diz,
Andreia Táboas
MÚSICA: Estado de Sitio



2:50 MIN ROCKABILLY BABY

ANO: 2012

DIRECCIÓN: Producciones Mutantes

MÚSICA: Breaki'n Bones



PEL DE GALIZA

2:32 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Paulo Bouzas

MÚSICA: Marxe eskerda

JUNTOAMI

2:55 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Prod. Mutantes


MÚSICA: Oscar Avendaño y los Profesionales

3:39 MIN LEBAL DES VAMPIRES

ANO: 2011

DIRECCIÓN: Eloy Varela

MÚSICA: Legroup





MÉRCORES, XOVES E VENRES 23:00 H

CONTROL DO MAL

3:49 MIN




ANO: 2011
DIRECCIÓN: Paublo Bouzas
MÚSICA: K-raxe

6:18 MIN

FOLIADA DE SANTIRSO

ANO: 2011
DIRECCIÓN: Roberto Grandal
MÚSICA: Banda Baile Asalto



SIGUE ARDIENDO

3:56 MIN



ANO: 2011
DIRECCIÓN: Julián Maguna
MÚSICA: Dakidarría

4:20 MIN

DOPPELGÄNGER

ANO: 2012
DIRECCIÓN: Pedro Márquez,
David Triviño
MÚSICA: Elphomega





4 BLOQUES/ MÁIS DE 90 MINUTOS

DEVIL IS ON THE ROOF

5:20 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Cristina Becerra

MÚSICA: Moondogs Blues Party

2:30 MIN

ESTÁ MIÑA COMIDA LISTA

AÑO: 2012

DIRECCIÓN: Ángel Alonso
González

MÚSICA: Ben senmedo



**NON QUERO VOLVER
VER A TELEVISIÓN**

5:55 MIN



ANO: 2012

DIRECCIÓN: Prod. Mutantes

MÚSICA: Roger de flor

4 MIN

DANZA DEL QUE ESPERA

ANO: 2010

DIRECCIÓN: Gus Abreu

MÚSICA: Dous (Pablo Carrera,
Fernando Abreu)





ARTISTAS CONVIDADOS / FESTAS

VENDRÁS DETRÁS

4 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Carlos Alonso Veloso

MÚSICA: Wöyza e El Puto Coke

4 MIN

ENTRE PEKÍN Y PERÚ

ANO: 2011

DIRECCIÓN: Carlos Alonso Veloso

MÚSICA: Apenino



TIEMPOS DE BAILE

4:28 MIN



ANO: 2011

DIRECCIÓN: Christopher David Castro

MÚSICA: Los Septiembre


4 MIN

CORRE

ANO: 2011

DIRECCIÓN: Carlos Alonso Veloso

MÚSICA: Sale e El Puto Coke





MANUEL ESTÉVEZ: CONSTANCIA DUN PROXECCIONISTA



No fondo dos ollos dun proxecionista agóchase o brillo máis intenso da Historia do Cine. Manuel Estévez naceu no barrio do Berbés de Vigo no ano 1950. Aos catorce anos comezou a traballar proxectando películas no cine Maravillas, en Bouzas, e aos dezaseis viuse na obriga de escoller entre a electromecánica e o cine. "Decidín seguir no cine e non sei se fixen ben. Xa nos sesenta todo o mundo me dicía que o cine non tiña futuro". Dende aquela, proxectou filmes en salas de toda Galicia, tanto

para empresas privadas como para institucións públicas.

Para Manuel Estévez o traballo de proxecionista trátase dunha tarefa delicada que require unha atención e un respecto especial polos materiais. Amante dos 35 milímetros, manipula as películas coa concentración e a delicadeza dun ourive ou dun restaurador de arte. Ante os novos medios de proxección dixital, sorrí dicindo que son como maxia, pero que tamén teñen os seus erros no tratamento da imaxe. "Eu négome a proxectar neses formatos. Á miña idade xa podo negarme a algunhas cousas." A súa profesión atópase ante un proceso de extinción irremediable, pois non se está a levar a cabo unha aprendizaxe interxeracional axeitada e a propia exhibición de filmes mudou nunha práctica robotizada. No futuro, non só se prescindirá da figura do proxecionista senón tamén da propia sala de proxección, que pasará a converterse nunha máquina informatizada que reciba un sinal vía satélite.

Manuel Estévez foi unha testemuña privilexiada dos principais acontecementos históricos relacionados coa exhibición cinematográfica: a aparición do cinemascope, a implantación da televisión, o fenómeno dos cineclubs, a conversión das grandes salas en multicines e a reconversión destes en grandes áreas... "En Vigo, todos os cines acabaron sendo su-

permercados ou bazares. Quizais porque son grandes e teñen varias salas.”

O primeiro dos cambios que lembra foi o sistema de iluminación dos proxectores: do carbón ao emprego de lámpadas. “En 35 milímetros o máis perfecto é a luz do carbón, e non a lámpada. Trátase dunha luz distinta, máis real. Con lámpada os vermellos son demasiado vermellos, e os azuis salvaxemente azuis.”

En 1980 decide fundar a súa propia sala, a emblemática Minicine, que se convertirá nun referente cultural inexcusable na cidade de Vigo. No Minicine proxectáronse as obras dos autores europeos máis importantes do momento, como Fassbinder ou Louis Malle, prácticamente vetados nas grandes salas comerciais e que trataban temas considerados aínda tabú, en versión orixinal subtitulada. Tamén pasaron pola súa pantalla algunhas das obras principais da cinematografía española, dende Saura a Gutiérrez Aragón. Eran películas repudiadas baixo a etiqueta de “cine para minorías”. Sen embargo, Manuel Estévez afirma que lograban encher a sala durante varias semanas. “Adiqueime a percorrer as distribuidoras na procura de películas esquecidas nos andeis, ás que literalmente lles tiña que limpar o po.”

No Minicine instaurou o costume de entregar un texto crítico sobre o filme antes da proxección e propuxo por vez primeira a dinámica de catro pases cotiáns, dende as catro da tarde ás once da noite, horarios que asumiron tamén o resto das salas.

Durante as proxeccións non se comía, mantiñase un silencio rigoroso e os espectadores máis habituais acabaron por facer peticións de filmes, involucrándose na escritura da reseña que se entregaba antes da película. “Moitos dos meus clientes poderíamos dicir que chegaron a ser programadores.”

Manuel Estévez reivindica con prudente teimosía que a exhibición de cine de calidade non está rifada coa viabilidade económica e a estabilidade empresarial. Incluso na actualidade, onde os cines están abocados a manter unha competencia feroz, a sala máis rendible podería ser aquela que ofrecese unha programación distinta, baseada en películas que adoitan peregrinar fóra dos cicutos comerciais.

Polo seu labor como exhibidor, apostando sempre por un cine comprometido forá das convencións, e por ser representante dunha profesión que forma parte do noso patrimonio cultural, Manuel Estévez é xusto merecedor da mención honorífica do I Festival Primavera do Cine en Vigo, con orgullo e humildade.

Alfonso Castaño
Equipo de programación do festival



Reencanto producciones é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social.

Reencantarse é unha proposta en positivo. Cremos que é posible combater a angustia e a desesperación e ese é un dos nosos obxectivos.

Reencanto producciones é unha organización aberta, participativa e flexible. Cremos na innovación e queremos potenciar as novas propostas.

Reencanto producciones está formado por persoas con ampla experiencia nos sectores cultural e social.

Os nosos ámbitos de traballo son os seguintes:

- ▲ Producción audiovisuais.
- ▲ Producción de proxectos artísticos.
- ▲ Organización e produción de eventos culturais.
- ▲ Comercialización e distribución de contidos artísticos.
- ▲ Servizos e xestión cultural.
- ▲ Potenciación de métodos de intercambio de bens e servizos alternativos.

Máis información:

reencantoproducciones@gmail.com



Musiquina**33mg**

Musiquina 33mg é unha asociación xuvenil que vén traballando no ámbito cultural dende o 2003. Dende o seu nacemento están presentes dous valores que rexen o seu traballo: a *multidisciplinarietà* e a *autoxestión*.


Creemos na *multidisciplinarietà* porque cremos que todos temos algo que ensinar e algo que aprender. Esa é unha das razóns polas que nos asociamos: aprender xuntos, xuntar esforzos. A persoa é multidisciplinar. Calquera persoa con interese pode participar desta iniciativa.

Outro valor fundamental é a *autoxestión*. Creemos na *autoxestión* porque non queremos converternos en empresa. A fórmula asemblearía para a toma de decisións e a responsabilidade dos socios e socias como principio. Creemos na xestión horizontal e participativa como alternativa ao mundo no que vivimos.

A nosa actividade divídese en tres ámbitos:

- ⤴ *Organización de eventos culturais:* organizamos 7 festivais nas cidades de Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.
- ⤴ *Formación:* temos organizado cursos de disciplinas moi variadas.
- ⤴ *Servizos:* Studio 33mg (local de ensaio e estudo de gravación), servizo de facturación.

www.musiquina33mg.com





COORDINACIÓN XERAL

Ana Laura Pereira

ASISTENTE DA COORDINACIÓN XERAL

María Luján Kubrusli e David Esperón

DESEÑO DE IMAXE E MAQUETAXE

María Luján Kubrusli

kubruslidesign@gmail.com

COORDINACIÓN DE COMERCIALIZACIÓN

Juan Ortega e Irene Esperón

COORDINACIÓN DE LOXÍSTICA

David Esperón

COMITÉ DE PROGRAMACIÓN

Roi Cagiao, Alfonso Castaño, Santiago Sandoval e Juan de Castro

EQUIPO DE LOXÍSTICA

José Francisco Muíño, Silvia Souto Ocampo, María Domínguez Carreira, Maica Díaz Rial, Leo Vilariño Espasadin, Tatiana Liboreiro

ANIMACIÓN 3D

Marcos Mosquera

www.duplostudio.com

AGRADECEMENTOS

Alumnos del 2º curso de cerámica artística, Salva Ronko, Josué Pérez, Ana Blanco, Grupo de Teatro Triatreros, Localia Vigo.




Colaborador Oficial:

**CONCELLO
DE VIGO**





APOIOS E PATROCINIOS



D. PEDRO D SOUTOMAIOR

Volve a lenta



Ronda de Don Bosco 22
36202 Vigo
Tlf/ 986 225 165
norma_vigo@yahoo.es
www.normavigo.com



SOSA COMICS

Avda. de Castrelos 22, Vigo

Telf: 986 206 850

sousacomics@gmail.com

www.sousacomics.com



d'esguello

f d'esguello - vigo - galiza

D'esguello é unha tenda de segunda man onde poderás atopar principalmente roupa calzado música e libros todo en perfecto estado a prezos populares. Ven a coñecernos, reutiliza e descobre outra forma de consumo.

Rúa da Paz, 1 (esquina con T. Alonso). Vigo
Tif: 886 139021



crafts with love

C/ Marqués de Valladares, 22 Bajo - 36201 VIGO
Telf.: 986 43 86 71
E-mail: info@lemarchederachel.com

LA PEPITA

BURGER BAR

CALLE OPORTO Nº 15
36201, VIGO
986 118 156
info@lapepitaburgerbar.com
www.lapepitaburgerbar.com

FOTO RECORD

Digital

SERVICIOS DIGITALES
REVELADO ANALÓGICO

www.fotorecord.es

C/Progreso, 31 (esq. D. Cadaval) - 36202 VIGO
tfn. 986 434 150 - email: contacto@fotorecord.es

Especialidad en
Torta de nata, chocolate o mixta
Croissant de mantequilla

Pastelería

Melosa

Vincios - Rocha, 26 - Ctra. Chandebrito - GONDOMAR
Teléfono: 986 469 713 / 657 849 803
Móvil reparto: 617 816 823 (de 2:00 a 8:00 A.M.)

ELEPE



33º ANIVERSARIO

VINILO - CD - DVD
Dr. Cadaval 37 - 36202 VIGO - Tel. 986 227 014



GALMATIC
PORTAS E AUTOMATISMOS

FÁBRICA, EXPOSICIÓN E OFICINAS
Estrada do Foxo 61 Valadarez
36314 VIGO - PO

Tel. 986 468 656 · Fax. 986 469 94
portasautomaticas@galmatic.es
www.galmatic.es

TABULA

FRESCO & NATURAL

986 41 41 37

TAPERIA O COCHO

Praza de Miraflores
SÁRDOMA



Avda. Castrelos, 26 - A - 36210 VIGO - Teléf. 986 23 21 27
— Desde 1956 —

ALIMENTACIÓN BIOLÓGICA · INFANTIL · ALÉRGICOS
HERBORISTERÍA · COSMÉTICA · LIBROS

BIOASIS

c/ María Berdiales 17 bajo 36203 Vigo tf: 886 137 537 bioasis@hotmail.es

DCS DECORACIONES

CASTRO & SALGUEIRO S.L.

FALSO TECHO ESCAYOLA, PLADUR,
DESMONTABLES, MOLDURAS,
CORNISAS, MUEBLES

JORGE: 696 46 77 88 · DIEGO: 660 42 61 38
c/ Chaín, Fouco, 5 · 36389 Gondomar

Cativos

Zapatería infantil y juvenil

Conde de Torrecedeira 50
(Frente al parque Camilo José Cela)



HORARIO DE PROYECCIONES

MÉRCORES 30/05

17:30	■ BLOQUE 1 CURTAS
	■ BLOQUE 3 CURTAS
19:00	■ BLOQUE 2 CURTAS
19:30	■ GALA INAUGURAL ■ DOENTES
20:30	■ BLOQUE 3 CURTAS
22:30	■ A MIRADA DE ANNA VIVIR A DESTEMPO
23:00	■ VIDEOCLIPS E FESTA

XOVES 31/05

18:00	■ BLOQUE 2 CURTAS
20:00	■ BANARAS ME
22:30	■ AS SILENCIADAS
23:00	■ VIDEOCLIPS E FESTA

BLOQUE 1
72 MIN.

¿DE QUE SE RÍEN LAS HIENAS ?

DREAM


CONVERSA CUNHA MULLER MORTA

ADIVINA QUIÉN VIENE A COMER MAÑANA

■ AUDITORIO DO CONCELLO
Praza do Rei 1



FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO



VENRES 01/06

18:00	■ BLOQUE 1 CURTAS
20:00	■ RELATOS
22:30	■ MATISSE SE ESCRIBE CON DOS ESES
23:00	■ VIDEOCLIPS E FESTA

SÁBADO 02/06

18:00	■ PROYECCIÓN SORPRESA
	■ GALA ENTREGA DE PREMIOS
22:30	■ FESTA CONCERTO DE PECHE DO FESTIVAL

BLOQUE 2
66 MIN.


O PREZO DA DOTE
33
BIRDBOY
UN PASEO POLO TEA
LA INCREÍBLE Hª DE MACARENO Y LA PUTA MILAGROSA

BLOQUE 3
67 MIN.

DÚAS LETRAS
ROBIN&ROBIN
CAMIÑO DA MEMORIA
O BUFÓN E A INFANTA
A.G.N.
ESTACIÓN DECEMBRO

■ SALÓN DE ACTOS DO MARCO
Príncipe 54

■ LA FIESTA DE LOS MANIQUÉS
Rogelio Abalde 11



WWW.FESTIVALPRIMAVERADOCINE.COM